

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIONES COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

9336 *Real decreto 731/2020, do 4 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso.*

I

O Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre xestión de pneumáticos fóra de uso, ditouse en virtude da habilitación regulamentaria contida na daquela vixente Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, que outorgaba ao Goberno a facultade para o establecemento de normas específicas de aplicación aos diferentes tipos de residuos no relativo á súa produción e xestión. O Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, establece así as normas que cómpre ter en conta no ámbito dos pneumáticos fóra de uso, co obxectivo de previr a súa incidencia ambiental.

O dito real decreto establece, para este fluxo de residuos, o principio de responsabilidade ampliada do produtor como elemento fundamental entre as obrigacións que lle son propias ao produtor de pneumáticos. Tamén estableceu a posibilidade de cumprir coas ditas obrigacións mediante os sistemas integrados de xestión, hoxe denominados sistemas colectivos de responsabilidade ampliada, de conformidade coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

O Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, modificouse no ano 2010 mediante o Real decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso a actividades de servizos e o seu exercicio. O obxecto foi a adaptación das normas con rango regulamentario en materia de ambiente aos principios da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, máis coñecida como Directiva de servizos.

Posteriormente, a Directiva (CE) 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos, e pola que se derrogan determinadas directivas, establece o marco xurídico da Unión Europea para a prevención e a xestión dos residuos, ao proporcionar novos instrumentos para desenvolver a dita tarefa e para contribuír á loita contra o cambio climático. Desta forma, unha das novidades fundamentais que introduce esta directiva é o principio de xerarquía na produción e xestión de residuos. A incorporación desta directiva ao noso ordenamento xurídico levouse a cabo a través da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que substituíu a Lei 10/1998, do 21 de abril, e actualizou e mellorou o réxime relativo á produción e xestión de residuos.

Recentemente, e nun contexto de crecente importancia das actividades económicas vinculadas á xestión dos residuos, aprobouse unha nova revisión da normativa da Unión Europea sobre residuos a través da Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos. Esta directiva regula os requisitos mínimos que se deben cumprir cando se establecen réximes de responsabilidade ampliada do produtor.

Na actualidade, e coa perspectiva que ofrecen os catorce anos de vixencia do Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, e da ampla experiencia no funcionamento dos diferentes procesos regulados no citado regulamento, tanto operacionais como administrativos, considérase que é o momento oportuno para abordar a modificación de determinados aspectos da norma e dar así resposta a algúns puntos de mellora que foron

identificados tanto polos operadores responsables da súa aplicación como polas administracións encargadas do seu control.

Por iso, con independencia de futuros cambios na normativa que se deberán levar a cabo como resultado da incorporación á lexislación española das novidades introducidas no ámbito da responsabilidade ampliada do produtor e da xestión de residuos pola Directiva 2018/851/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio, con esta modificación do Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, preténdese corrixir algunhas debilidades detectadas no procedemento de xestión de pneumáticos fóra de uso e continuar mellorando os resultados da política de xestión de residuos. A presente modificación do Real decreto 1619/2005, do 30 de maio, non constitúe unha norma de incorporación parcial da dita Directiva 2018/851/UE, nin inclúe previsións que desvirtúen as súas finalidades e obxectivos, nin ten o carácter de regulamentación técnica.

II

Este real decreto consta dun artigo único dividido en doce puntos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

As modificacións deste real decreto céntranse nos seguintes puntos: inclúense no ámbito de aplicación da citada norma reguladora da xestión dos pneumáticos fóra de uso os pneumáticos cuxo diámetro exterior sexa superior aos mil catrocentos milímetros, xa que as empresas xestoras dispoñen na actualidade da tecnoloxía apropiada para integraren estes pneumáticos dentro do fluxo normal de xestión do residuo.

Ademais, precísase a aplicación do presente real decreto aos centros autorizados para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil (CAT), en canto aos pneumáticos, sometidos á responsabilidade ampliada do produtor do vehículo fixada no Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, que, tendo sido preparados para a súa reutilización, o dito centro non poida garantir e xustificar, de conformidade cos artigos 7.5 e 11.1 do dito real decreto, o correcto tratamento, por parte dun xestor autorizado, dos pneumáticos fóra de uso que se xeren derivados da dita preparación para a reutilización e comercialización.

Igualmente, amplíase a consideración de produtor de pneumáticos ao incluír na súa definición tanto os operadores que fabrican en España pneumáticos recauchutados sobre carcasas importadas como os que realizan adquisicións intracomunitarias ou importacións de terceiros países de pneumáticos recauchutados ou de pneumáticos preparados para a súa reutilización como pneumáticos de segunda man.

Aclárase tamén o alcance da obrigación de recollida do produtor de pneumático, especificando que a dita obrigación fai referencia á xestión, tantas veces como resulte necesario, dos pneumáticos fóra de uso xerados polos pneumáticos que puxese no mercado nacional de reposición.

Adicionalmente, incorpóranse as definicións de «pneumático de segunda man» e de «pneumático recauchutado». Tendo en conta que, segundo a orde establecida polo principio de xerarquía de residuos, se deben priorizar as actividades de preparación para a reutilización e reciclaxe sobre as de valorización enerxética ou eliminación, considérase importante mellorar o nivel de información dispoñible sobre este tipo de pneumáticos que se volvan introducir no mercado nacional de reposición. Iso redundará, de forma segura, nunha maior transparencia sobre o funcionamento do fluxo de xestión do residuo e nunha mellor información ao consumidor.

Por outra parte, e téndose rexistrado algúns problemas operativos na recollida e xestión dos pneumáticos fóra de uso que, por unha ou outra vía, terminan sendo depositados nos puntos limpos establecidos polas entidades locais, considérase preciso facer referencia nesta norma á regulación do procedemento de recollida de pneumáticos fóra de uso nos ditos puntos limpos.

Así mesmo, precísanse as obrigacións de información dos produtores de pneumáticos e detállanse algúns aspectos nesta materia, co fin de mellorar tanto o nivel de información sobre os resultados obtidos no tratamento dos pneumáticos fóra de uso que se poñen á disposición dos operadores que interveñen na súa xestión como as medidas de información

e sensibilización aos consumidores sobre a importancia dunha correcta xestión dos ditos pneumáticos. Entre as ditas medidas, prevese traballar a prol da formalización dun código voluntario de boas prácticas para a xestión dos pneumáticos fóra de uso, que promova unhas relacións equilibradas e leais entre todos os operadores implicados neste fluxo de residuos, desde os produtores ata os valorizadores, pasando polos xeradores, e mesmo os consumidores.

Para mellorar a información dispoñible sobre o fluxo de pneumáticos, créase a sección de produtores de pneumáticos no Rexistro de Produtores de Produtos, de conformidade co artigo 7.2 do Real decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución de consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores, e defínense igualmente as condicións para a inscrición dos produtores e as súas obrigacións de información.

A información que se obterá coa posta en marcha desta nova sección, xunto con aquela de que xa se dispón do Rexistro de Producción e Xestión de Residuos, dotará dunha maior transparencia o funcionamento do fluxo do produto e a xestión dos seus residuos e poñerá á disposición das autoridades responsables do control unha información de maior calidade, o que redundará nunha mellor xestión e cumprimento dos obxectivos fixados pola política de xestión de residuos para este fluxo de residuos.

Adicionalmente, o texto do real decreto complétase cunha disposición adicional que actualiza as referencias conforme as recentes modificacións dos departamentos ministeriais, cunha disposición transitoria primeira na cal se regula o momento en que os produtores de pneumáticos deben inscribirse no Rexistro de Produtores de Produtos e deben achegar a información sobre os pneumáticos que puxeron no mercado no ano 2020, cunha disposición transitoria segunda en que se precisa que as obrigacións para os produtores de pneumáticos cuxo diámetro exterior sexa superior a mil catrocentos milímetros serán exixibles a partir do 2 de xaneiro de 2021, e cunha disposición derogatoria «ad cautelam» con carácter xenérico. Por último, a disposición derradeira regula a entrada en vigor do real decreto.

III

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, aos principios de necesidade e eficacia, xa que se pretende mellorar a eficacia na xestión dos residuos derivados dos pneumáticos fóra de uso, facilitar o labor dos operadores e xestores que interveñen no fluxo de residuos, incrementar a información ao consumidor e aos xeradores de residuos, mellorar a transparencia sobre os resultados que se obteñen na xestión e dotar de maior información as autoridades de control.

Considérase que este é o instrumento máis adecuado para a súa regulación xa que esta materia está regulada anteriormente nunha norma do mesmo rango e unicamente se introducen algunhas modificacións parciais á norma vixente para facilitar o cumprimento dos seus obxectivos e a resolución das principais disfuncións detectadas no funcionamento do sistema, todo isto coas máximas garantías no ámbito da seguridade xurídica.

Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade na medida en que a norma contén as medidas imprescindibles para o fin que se persegue, ao exixir unicamente como requisito adicional aos produtores de pneumáticos unha remisión anual de información ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sobre os pneumáticos postos por cada un deles no mercado nacional de reposición. Cabe destacar, ademais, que se facilita a formalización do dito trámite electronicamente, posto que se realizará unha soa vez ao ano e a través da plataforma web do Rexistro de Produtores de Produtos, que xa está operativa.

De acordo co principio de seguridade xurídica, a norma é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e internacional na medida en que se pretende mellorar a adecuación da regulación nacional existente para pneumáticos fóra de uso aos obxectivos establecidos na normativa nacional sobre residuos.

De acordo co principio de transparencia, na elaboración da norma seguíronse todos os procesos de participación e audiencia que establece o artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno: foron consultados os axentes económicos e sociais, as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, así como as entidades locais e os sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, o proxecto someteuse ao Consello Asesor do Medio Ambiente e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

De conformidade co principio de eficiencia, redúcense ao máximo as cargas administrativas e racionalízanse os recursos públicos coa aplicación da tramitación electrónica.

Este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co establecido no artigo 149.1.23ª da Constitución, e dítase en virtude da habilitación establecida no número 1.c) da disposición derradeira terceira da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que faculta o Goberno da Nación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei e, en concreto, para establecer as normas para os diferentes tipos de residuos, nas cales se fixarán disposicións particulares relativas á súa produción e xestión.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e da ministra de Industria, Comercio e Turismo, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 4 de agosto de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso.*

O Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto previr a xeración de pneumáticos fóra de uso, establecer o réxime xurídico da súa produción e xestión, e fomentar, por esta orde, a súa redución, preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, coa finalidade de protexer o ambiente.

Sen prexuízo do establecido no artigo 7.2, quedan incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto os pneumáticos de reposición postos no mercado nacional, con excepción dos pneumáticos de bicicleta, os cales, en todo caso, se deben xestionar de conformidade co principio de xerarquía recollido no artigo 8.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Non lles son de aplicación as disposicións deste real decreto a aqueles pneumáticos, previstos de serie ou na primeira montaxe dos vehículos sometidos á responsabilidade ampliada do produtor do vehículo, fixada no Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil, que tendo sido preparados para a súa reutilización por un centro autorizado para o tratamento (en diante, CAT) de vehículos ao final da súa vida útil, o dito centro poida garantir e xustificar, de conformidade cos artigos 7.5 e 11.1 do dito real decreto, o correcto tratamento, por parte dun xestor autorizado, dos pneumáticos fóra de uso que se xeren derivados da dita preparación para a reutilización e comercialización.»

Dous. No artigo 2 modifícase a alínea b) e incorpóranse dúas novas definicións (alíneas l e m), coas redaccións que se indican a continuación:

«b) Produtor de pneumáticos: a persoa física ou xurídica que, co obxecto de poñelos por primeira vez no mercado nacional de reposición e con independencia da canle de comercialización que utilice e calquera que sexa o contrato en virtude do cal realice a distribución, realiza:

i. a fabricación en España de pneumáticos novos ou de pneumáticos recauchutados sobre carcacas importadas, ou

ii. a adquisición intracomunitaria ou a importación procedente de países terceiros de pneumáticos novos, de pneumáticos recauchutados ou de pneumáticos preparados para a súa reutilización como pneumáticos de segunda man.»

«l) Pneumático de segunda man: é o pneumático obtido tras ter sometido o pneumático fóra de uso a operacións de preparación para a reutilización efectuadas por un xestor autorizado. O xestor de residuos autorizado certificará, baixo a súa responsabilidade, que o dito pneumático cumpre coas condicións que debe reunir un pneumático para ser susceptible de ser reutilizado como pneumático de segundo uso, de acordo coas especificacións técnicas contidas na norma UNE 69051 – ‘Pneumáticos, pinas e válvulas. Ciclo de uso do pneumático. Pneumáticos de segunda man’.»

«m) Pneumático recauchutado: é o pneumático fóra de uso que foi sometido a un proceso de tratamento mediante recauchutado e cumpre as especificacións establecidas na Decisión do Consello, do 13 de marzo de 2006, pola que se modifican as decisións 2001/507/CE e 2001/509/CE co obxecto de conferir carácter obrigatorio aos regulamentos n.º 108 e 109 da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (CEPE/ONU) sobre pneumáticos recauchutados.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O produtor de pneumáticos está obrigado a organizar a xestión, ou a xestionar, os pneumáticos fóra de uso xerados polos pneumáticos que foron postos por el no mercado nacional de reposición, ben porque lle sexan entregados polos xeradores ou polos posuidores destes ou, de ser o caso, polos puntos limpos, ben porque sexan recollidos por el mesmo. Así mesmo, garantirá que todos estes pneumáticos fóra de uso se xestionan debidamente e todas as veces que resulte necesario, de conformidade co principio de xerarquía recollido no artigo 8.1 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico definirá, con base en parámetros obxectivos, os criterios que faciliten a asignación da responsabilidade de recollida e xestión que lles corresponde, nas diferentes comunidades autónomas, aos sistemas integrados de xestión. O ditos criterios e o resultado da súa aplicación para cada exercicio serán publicados anualmente, antes do 15 de marzo, na páxina web do Ministerio.

Os CAT garantirán que todos os pneumáticos fóra de uso derivados dos pneumáticos que preparan para a súa reutilización e poñen de novo no mercado de reposición os xestiona un xestor autorizado. Os CAT deberán cumprir as obrigacións establecidas neste artigo en relación cos pneumáticos fóra de uso derivados dos pneumáticos preparados para a súa reutilización, que son montados fóra do centro e para os cales non se dispoña de xustificación sobre a súa correcta xestión, nos termos previstos nos artigos 7.5 e 11.1 do Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre vehículos ao final da súa vida útil.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 7, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. De conformidade coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, queda prohibido o abandono, a vertedura ou a eliminación

incontrolada de pneumáticos fóra de uso en todo o territorio nacional. Así mesmo, de conformidade coa lexislación vixente, prohíbese o depósito en vertedoiro de pneumáticos fóra de uso, con exclusión dos pneumáticos utilizados como elementos de protección nos propios vertedoiros.»

Cinco. Inclúese un novo número 3 no artigo 10 coa seguinte redacción:

«3. Os produtores de pneumáticos recompilarán a información contida no número dous do anexo II, correspondente aos pneumáticos que poñen no mercado nacional de reposición cada ano natural para substituír os pneumáticos usados dos vehículos.

Os CAT deberán tamén recompilar a información relativa exclusivamente a aqueles pneumáticos que, tendo sido preparados para a súa reutilización nos propios CAT e comercializados como pneumáticos de segunda man, son montados fóra dos centros e para os cales non se dispoña de xustificación sobre a súa correcta xestión, nos termos previstos nos artigos 7.5 e 11.1 do Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre vehículos ao final da súa vida útil.

Esta información remitirase ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico antes do 1 de marzo do ano seguinte a aquel a que se refira, para os efectos de coñecer as cantidades de posta no mercado de pneumáticos de reposición, de controlar o cumprimento das obrigacións establecidas neste real decreto e o funcionamento da responsabilidade ampliada do produtor, e de elaborar a información que se debe subministrar, de conformidade coa normativa vixente, á Comisión Europea en materia de xestión de pneumáticos fóra de uso e que será publicada con carácter anual.

A información subministrada non será pública e só estará accesible ás autoridades competentes para os efectos de inspección e control.»

Seis. O artigo 11 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 11. *Sistema unificado de información sectorial sobre pneumáticos e a xestión dos seus residuos.*

Co obxecto de dotar da máxima transparencia a posta no mercado de pneumáticos de reposición e a xestión dos seus residuos e poñer á disposición dos distintos axentes económicos que interveñen nos diferentes procesos da dita xestión información global actualizada sobre os resultados obtidos no tratamento dos ditos pneumáticos, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaborará un informe anual que recompile os datos contidos nas memorias anuais e informes que lle sexan remitidos polas comunidades autónomas e incorpore calquera outra información pública que poida resultar de interese para un mellor coñecemento do estado de situación deste fluxo de residuos.»

Sete. Engádesse un novo artigo 12, coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Información ao consumidor e aos xeradores de pneumáticos fóra de uso.*

1. Co obxecto de sensibilizar os consumidores ou usuarios finais do pneumático de reposición, así como os xeradores de pneumáticos fóra de uso, das consecuencias que para o ambiente, a saúde pública e a sustentabilidade do sistema de xestión derivan dun tratamento inadecuado dos ditos pneumáticos, as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión, en colaboración coas administracións públicas, promoverán periodicamente actuacións de información e sensibilización destinadas a informar sobre o funcionamento dos sistemas integrados de xestión e da importancia dunha adecuada xestión dos pneumáticos fóra de uso.

2. Así mesmo, os comercializadores de pneumáticos de segunda man entregarán ao consumidor final, no momento da venda e calquera que sexa o seu

destino, o correspondente documento de inspección e verificación do pneumático, recollido na norma UNE 69051 – ‘Pneumáticos, pinas e válvulas. Ciclo de uso do pneumático. Pneumáticos de segunda man’, mediante o cal un xestor de residuos autorizado certifica, baixo a súa responsabilidade, que o dito pneumático cumpre coas condicións que debe reunir e que superou os controis para ser considerado pneumático de segunda man. Este documento entregarase preferiblemente en formato electrónico cando se trate de clientes persoas físicas e, en todo caso, en formato electrónico cando se trate de persoas xurídicas.

3. As administracións públicas e as asociacións interesadas traballarán, de acordo co marco regulatorio existente en materia de defensa da competencia e competencia desleal, pola formalización dun código voluntario de boas prácticas para a xestión dos pneumáticos fóra de uso, que promova unhas relacións equilibradas e leais entre todos os operadores implicados neste fluxo de residuos e contribúa á utilización das mellores prácticas no desenvolvemento destas relacións.»

Oito. Engádesse un novo artigo 13, coa seguinte redacción:

«Artigo 13. *Procedemento de recollida de pneumáticos fóra de uso en puntos limpos.*

As autoridades ambientais autonómicas, xunto coas entidades locais interesadas, designarán as instalacións ou puntos limpos que se consideren necesarios, onde se poidan almacenar temporalmente os pneumáticos fóra de uso que fosen recollidos polos servizos públicos derivados das súas obrigacións como entidades locais, ata o momento da súa entrega a un xestor autorizado ou ao produtor de pneumáticos, para os efectos establecidos no artigo 4.

Para a organización desta recollida, ben a autoridade ambiental autonómica, para o conxunto dos puntos limpos existentes no seu ámbito territorial e baixo o formato de convenio marco, ben a entidade local responsable do punto limpo, logo de coñecemento, neste caso, da autoridade ambiental autonómica, establecerán, antes dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, convenios coas entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión autorizados ou con outros xestores autorizados en que se protocolicen, entre outros aspectos, os criterios de admisión, os sistemas para o control da fraude na xestión e as cuestións relativas ao financiamento do procedemento de recollida, o que inclúe o almacenamento en espera de recollida.

As ditas instalacións de recollida deberán dispoñer de áreas adecuadamente equipadas para a recollida e o almacenamento destes pneumáticos e cumprir aqueles puntos que lles sexan de aplicación, entre os establecidos no anexo I.»

Nove. Engádesse un novo artigo 14, coa seguinte redacción:

«Artigo 14. *Creación da sección de produtores de pneumáticos no Rexistro de Produtores de Produtos.*

Co obxecto de cumprir coas obrigacións de información en materia de xestión de residuos e de contribuír ao cumprimento das obrigacións derivadas da responsabilidade ampliada do produtor, créase a sección de produtores de pneumáticos no Rexistro de Produtores, de conformidade co artigo 7.2 do Real decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.»

Dez. Engádesse un novo artigo 15, coa seguinte redacción:

«Artigo 15. *Inscripción dos produtores de pneumáticos no Rexistro de Produtores de Produtos.*

Os produtores de pneumáticos inscribíranse na súa correspondente sección do Rexistro de Produtores de Produtos e para iso deben proporcionar a información

establecida no anexo II, número un, que terá carácter público. Deberase achegar igualmente un certificado da entidade xestora do sistema integrado de xestión ao cal estea adherido, ou dun axente autorizado para a xestión de pneumáticos fóra de uso, en caso de que o produtor non optase por un sistema integrado de xestión.

Tamén deberán realizar a dita inscrición os CAT, para os efectos de comunicar exclusivamente a información relativa daqueles pneumáticos que foron preparados para a súa reutilización nos propios CAT e comercializados como pneumáticos de segunda man e respecto dos cales non se dispoña de xustificación sobre a súa correcta xestión, nos termos previstos nos artigos 7.5 e 11.1 do Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre vehículos ao final da súa vida útil.

Os datos achegados de carácter persoal estarán protexidos pola normativa estatal vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

No momento da inscrición asignarase un número de rexistro que deberá figurar nas facturas e en calquera outra documentación que acompañe as transaccións comerciais de pneumáticos de reposición desde a súa posta no mercado ata o usuario final.

En caso de cesamento definitivo da actividade, o produtor de pneumáticos comunicará a baixa ao Rexistro de Produtores de Produtos no prazo dun mes desde que se produza o cesamento e acreditará este remitindo o correspondente documento de cesamento de actividade da empresa.»

Once. Engádesse un novo artigo 16, coa seguinte redacción:

«Artigo 16. *Réxime sancionador.*

As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto estarán sometidas ao réxime sancionador regulado na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.»

Doce. Créase un novo anexo II e o actual anexo pasa a denominarse anexo I, relativo á inscrición e información anual que cómpre subministrar ao Rexistro de Produtores de Produtos en materia de pneumáticos fóra de uso:

«ANEXO II

Inscrición e información anual que cómpre subministrar ao Rexistro de Produtores de Produtos en materia de pneumáticos

1. Información relativa á inscrición no Rexistro de Produtores de Produtos.

Os produtores de pneumáticos estarán obrigados a facilitar, no momento de se rexistraren, e a manter actualizada en todo momento a seguinte información:

a) Nome e enderezo do produtor ou do seu representante autorizado, incluídos o código postal, a localidade, a rúa e o número, o país, o número de teléfono, o número de fax, o enderezo de correo electrónico e a persoa de contacto. Se se trata dun representante autorizado, tamén se proporcionarán os datos de contacto do fabricante a que representa.

b) Número de identificación fiscal europeo ou o número de identificación fiscal nacional e, no caso de xestores que dispoñan del, o número de identificación ambiental NIMA.

c) Declaración, e o correspondente certificado, do sistema integrado de xestión de pneumáticos fóra de uso ao cal está adherido, ou do axente autorizado para a xestión de pneumáticos fóra de uso, en caso de que o produtor non optase por un sistema colectivo de xestión, para a correcta xestión do pneumático cando se converta en residuo.

d) Declaración de veracidade da información subministrada.

2. Información anual, que deben subministrar os produtores, sobre os pneumáticos de reposición postos por primeira vez no mercado nacional, correspondentes cos pneumáticos novos ou os recauchutados sobre carcadas importadas, fabricados en España, e cos pneumáticos novos, os recauchutados ou os preparados para a súa reutilización como pneumáticos de segunda man, procedentes de adquisición intracomunitaria ou de importación de países terceiros.

No caso dos CAT, a información que cómpre subministrar corresponderá exclusivamente a aqueles pneumáticos que, foron preparados para a súa reutilización no propio CAT e comercializados como pneumáticos de segunda man e respecto dos cales o centro non poida garantir e xustificar, de conformidade cos artigos 7.5 e 11.1 do Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil, o correcto tratamento, por parte dun xestor autorizado, dos pneumáticos fóra de uso que se xeren derivados da dita preparación para a reutilización e comercialización.

Para facilitarlles aos produtores unha adecuada subministración da información anual, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental establecerá a relación das medidas que comprende cada categoría de pneumático e os códigos con que se identifican nas transaccións comerciais.

Categorías de pneumáticos	Descrición	Pneumático novo (1)		Pneumático de segunda man (2)		Pneumático recauchutado (3)	
		Número total de unidades (000)	Peso total (000t)*	Número total de unidades (000)	Peso total (000t)**	Número total de unidades (000)	Peso total (000t)**
A	Moto, scooter e ciclomotor.						
B	Turismo.						
C	Camioneta, 4x4, todo terreo e SUV.						
D	Camión e autobús.						
E1	Manutención, macizo, quad, kart, xardinaria e outros (excepto agrícola, obra pública e industrial) (peso ≤ 5 kg).						
E2	Manutención, macizo, quad, kart, xardinaria e outros (excepto agrícola, obra pública e industrial) (peso > 5 e ≤ 25 kg).						
E3	Manutención, macizo, quad, kart, xardinaria e outros (excepto agrícola, obra pública e industrial) (peso > 25 e ≤ 50 kg).						
E4	Manutención, macizo, quad, kart, xardinaria e outros (excepto agrícola, obra pública e industrial) (peso > 50 e ≤ 100 kg).						
E5	Manutención, macizo, quad, kart, xardinaria e outros (excepto agrícola, obra pública e industrial) (peso > 100 kg).						
F1	Agrícola (peso < 50 kg).						

Categorías de pneumáticos	Descrición	Pneumático novo (1)		Pneumático de segunda man (2)		Pneumático recauchutado (3)	
		Número total de unidades (000)	Peso total (000t)*	Número total de unidades (000)	Peso total (000t)**	Número total de unidades (000)	Peso total (000t)**
F2	Agrícola (peso ≥ 50 e < 100 kg).						
F3	Agrícola (peso ≥ 100 e < 200 kg).						
F4	Agrícola (peso ≥ 200 kg).						
G1	Obra pública e industrial (peso < 50 kg).						
G2	Obra pública e industrial (peso ≥ 50 e < 100 kg).						
G3	Obra pública e industrial (peso ≥ 100 e < 500 kg).						
G4	Obra pública e industrial (peso ≥ 500 e < 1.000 kg).						
G5	Obra pública e industrial (peso ≥ 1.000 kg).						

* Referido ao peso dos pneumáticos novos.

** Referido ao peso dos pneumáticos nas condicións en que se poñan no mercado de reposición

(1) Pneumáticos novos fabricados en España e pneumáticos novos procedentes de adquisición intracomunitaria ou de importación de países terceiros.

(2) Pneumáticos preparados para a súa reutilización como pneumáticos de segunda man procedentes de adquisición intracomunitaria ou de importación de países terceiros.

Pneumáticos preparados para a súa reutilización nos centros autorizados para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil e comercializados como pneumáticos de segunda man, respecto dos cales o centro non poida garantir e xustificar, de conformidade cos artigos 7.5 e 11.1 do Real decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil, o correcto tratamento, por parte dun xestor autorizado, dos pneumáticos fóra de uso que se xeren derivados da dita preparación para a reutilización e comercialización.

(3) Pneumáticos recauchutados sobre carcasas importadas, fabricados en España, e pneumáticos recauchutados procedentes de adquisición intracomunitaria ou de importación de países terceiros.»

Disposición adicional única. *Referencias.*

As referencias que no Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro, se efectúan ao Ministerio de Medio Ambiente e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio entenderanse realizadas ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, respectivamente.

Disposición transitoria primeira. *Inscripción no Rexistro de Produtores de Produtos e información sobre pneumáticos postos no mercado correspondente ao ano 2020.*

A inscrición dos produtores no Rexistro de Produtores de Produtos, establecida no artigo 15, e a subministración da información sobre pneumáticos postos no mercado nacional de reposición no ano 2020 deberanse realizar antes do 2 de abril de 2021.

Disposición transitoria segunda. *Cumprimento das obrigacións establecidas para os produtores de pneumáticos maiores de 1.400 mm.*

O cumprimento das obrigacións establecidas para os produtores de pneumáticos cuxo diámetro exterior sexa superior a mil catrocentos milímetros será exigible a partir do 2 de xaneiro de 2021.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de agosto de 2020

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO